Asunto: **PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DE VELADORES (MESAS E CADEIRAS) NAS VÍAS PÚBLICAS.**

INFORME:

Aos efectos establecidos no artigo 56.1.a) do Regulamento Orgánico do Goberno e da Administración do Concello de Pontevedra, aprobado o 21 de outubro de 2005 (B.O.P. nº 248 do 28/12/2005), a Dirección Xeral da Área de Urbanismo e Servizos Xerais require a esta Asesoría a emisión de informe sobre o texto da modificación da devandita Ordenanza, procedemento que se encana na plataforma electrónica municipal baixo a referencia "2018/ORDRG/000001".

Examinada a documentación enviada da que constitúe a primeira modificación da devandita disposición vixente, procédese á emisión do informe demandado; a tal fin, faise aquí xa a precisión limiar de que toda referencia a cargos, postos ou persoas para as que se utilice a forma de masculino xenérico, deben entenderse aplicables, indistintamente, a mulleres e homes.

I. O CONTIDO DO EXPEDIENTE.

Cursado en soporte electrónico, o expediente componse, en primeiro lugar, do texto comparado da disposición xeral en vigor co da modificación pretendida, é dicir o resultante da introdución das variacións previstas sobre a Ordenanza actualmente vixente, que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia, número 180 do 18/09/1997, e con posterioridade na plataforma da sede electrónica deste Concello, "www.sede.pontevedra.gal". En segundo termo, figura copia da normativa en vigor, referente aos veladores e outros elementos propios das terrazas dos establecementos de actividades recreativas, do Plan Especial de Protección, Reforma Interior e Conservación Artística do Conxunto Histórico-Artístico de Pontevedra (PEPRICA), instrumento urbanístico que rexe as intervencións no espazo dese ámbito cultural protexido. Consta tamén o extracto da deliberación sostida pola Comisión Municipal de Ordenación do Territorio, Urbanismo e Medio Ambiente, na sesión que tivo lugar o día 19/12/2017, con ocasión da presentación da alteración da disposición; finalmente, encóntrase no expediente o informe que, con proposta de resolución, emite o 19/01/2018 o Director Xeral da Área de Urbanismo e Servizos Xerais, en cuxo feito quinto explica que o proxecto de modificación se redactou pola Axente de Desenvolvemento Local do Servizo de Benestar Social e Promoción Económica, logo de soster diversas reunións cos sectores implicados, tras o que o trasladaría á Dirección Xeral da Área de Urbanismo e Servizos Xerais para a súa reelaboración por medio da incorporación de achegas posteriores de diferentes Servizos técnicos municipais.

En consecuencia, no que concirne aos requisitos formais para esta consulta e tendo en consideración a noción de expediente do artigo 70.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:D8EQCFADJ44X4V56

(LPAC), debedora daquela que, na vía regulamentaria, ofrecía o artigo 164 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, nada parece impedir que os borradores e debates acaecidos nesa fase previa no Servizo de Promoción Económica se incorporen ao sumario que nos ocupa, dando conta entón da participación, aberta e potestativa, sostida con organizacións ou asociacións con intereses converxentes sobre o asunto en xogo; nel, certamente conxúganse, de maneira horizontal, materias de neta competencia propia deste Concello, caso do urbanismo e do medio ambiente urbano, a infraestrutura viaria e a mobilidade, ou a promoción da actividade turística de interese e ámbito local, respecto das que indefectiblemente incide a ordenación dos veladores nos espazos públicos ou abertos, ao tratarse en esencia duns elementos complementarios dos establecementos dedicados a espectáculos públicos e actividades recreativas.

O fundado informe que emite o Director Xeral constrinxe en gran medida ao obxecto destas liñas, o que vén comportar que, en atención ao principio de celeridade administrativa e en evitación dunha proscrita redundancia, conveña evitar calquera innecesarias duplicidades de modo que se incidirá nas cuestións xurídicas de fondo que esta Asesoría considera, a maiores, obxecto de atención.

II. FUNDAMENTOS XURÍDICOS.

II.I. O MARCO NORMATIVO NO QUE SE INSIRE A MODIFICACIÓN EN TRÁMITE DA DISPOSICIÓN XERAL E O SEU ALCANCE.

O informe-proposta citado alberga tamén, mediante os feitos que configuran a súa parte expositiva, unha explicación das razóns da modificación da que se coñeceu como Ordenanza de veladores, acepción popular coa que, con antecedentes nos medios de comunicación, veu coñecerse en Pontevedra ao conxunto ordenado dunha mesa e un máximo de catro cadeiras, por regra xeral colocado sobre o solo público, ao servizo dos citados establecementos de espectáculos públicos e actividades recreativas e restantes negocios de análogas características.

En certeza, a Ordenanza de veladores de 1997 vén de despregar a súa vixencia durante dúas décadas nas que, como perfectamente salienta o feito segundo do pronunciamento do Titular da Dirección Xeral de Urbanismo e Servizos Xerais, acaeceron unha serie de cambios normativos e sociais que inciden sobre a versión orixinal da disposición, elaborada baixo a autoría de quen subscribe conforme ás necesidades que se advertían naquelas datas; entre as innovacións normativas sucedidas, constitúe criterio deste informante que unha delas foi a que comportou unha maior intensidade de uso desas instalacións sobre o espazo público, sendo en concreto a operada coa Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venta, o subministro, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco que, coa prohibición de fumar en bares, restaurantes e restantes establecementos de restauración pechados, orixinou que a gran maioría destes locais solicitasen a ocupación con eses elementos auxiliares nas beirarrúas lindeiras, o que derivou nun aumento exponencial do número daqueles; como apunta a proposta, nesa mesma índole tamén despregou a súa influencia a normativa de accesibilidade, presidida no eido estatal pola Lei 51/2003, de 2 de

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:D8EQCFADJ44X4V56

decembro, de Igualdade de Oportunidades, non Discriminación e Accesibilidade Universal das Persoas con Discapacidade, e o seu Real Decreto 505/2007, de 20 de abril, polo que se aprobaron as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados e edificacións, a cuxos mandatos atende nese aspecto a Orde VIV/561/2010, do 1 de febreiro, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados. Noutro ton, tamén é innegable a seria influencia da flamante Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia que, con entrada en vigor o 02/07/2018, somete de forma expresa a licenza municipal a instalación de terrazas ao aire libre ou na vía vía pública anexas ao establecementos abertos ao público, pola concorrencia de razóns de orde pública, seguridade e saúde pública e protección do medio ambiente.

No que concirne á reforma e transformación da cidade, produciuse tamén unha redistribución do espazo urbano outorgándose preferencia á recuperación para o uso peonil, co que segundo se recoñece literalmente na exposición de motivos engadida á Ordenanza, tanto esa nova reurbanización como os cambios legais "aconsellan introducir unha serie de modificacións na regulación municipal, que permitan cohonestar a condición de uso complementario e dinamizador da vía pública que representan os veladores cos outros usos necesarios e prioritarios do espazo público e cos dereitos da veciñanza e demais usuarios da vía pública, para evitar que este uso común especial se converta nunha ocupación permanente ou afecte ao dereito á accesibilidade universal e ao tránsito peonil". Nesta índole, o informe-proposta de constante cita, explica na súa consideración V, parágrafo final, que a modificación se inspirou tamén nas Directrices que aprobara o Concello en Pleno, o 20/02/2009, para a aprobación das Ordenanzas reguladoras de usos e protección de espazos públicos e instrucións sobre o tratamento dos espazos públicos (BOP número 50 do 13/03/2009).

En suma, coa modificación da Ordenanza preténdese dar resposta ás necesidades expresadas, por canto sen dúbida trátase dunha disposición normativa que, conforme coa potestade regulamentaria que asiste ao Municipio, regula unha cuestión que como dixemos se incardina dentro de diferentes competencias propias deste Concello, á súa vez integradas en variados títulos recollidos nas letras do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local (LBRL); unhas competencias propias que, como sabemos, o Municipio exerce, en todo caso, nos termos da Lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

Acae lembrar neste punto que os artigos 4.1.a) LBRL e 6.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG), atribúen ao Municipio as potestades regulamentarias e de autoorganización, insistíndose en que ostenta competencias indispoñibles que gravitan sobre a regulación do asunto que nos ocupa; nesa finalidade, o proxecto de alteración da disposición regulamentaria en trámite desenvolve entón esixencias normativas superiores.

II.II. ALCANCE E ANÁLISE DA INNOVACIÓN REGULAMENTARIA.

O proxecto normativo altera a disposición vixente, estruturándoa nun texto composto dunha exposición de motivos, trinta e cinco artigos agrupados en oito

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:D8EQCFADJ44X4V56

capítulos, unha disposición transitoria e outra final, así como un Anexo. Avanzamos antes que o texto que se somete á nosa consideración conxuga a redacción orixinal co da modificación prevista polo que, sen máis dilación, procede a análise do seu contido que, por sistemática e para mellor comprensión, se disecará a través dun comentario por cada precepto:

TÍTULO.

A denominación da disposición simplifícase de maneira afortunada para describir o seu contido esencial, de forma que, do seu nome de Ordenanza "reguladora da instalación e utilización de veladores", se suprime o termo de "utilización" co que, con economía da linguaxe e sen mingua ningunha de comprensión, se preserva o contido da materia regulada.

PARTE EXPOSITIVA.

A exposición de motivos expresa concisamente os que orixinan a alteración e as necesidades e obxectivos advertidos como razóns que xustifican o procedemento en curso; podería estenderse este limiar á formal introdución dos principios de boa regulación e os de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira -aos que non parece afectar a innovación proxectada- aos que moi ben apuntan os Fundamentos xurídicos VI e VIII do susodito informe-proposta.

Por outra banda, as Directrices de técnica normativa, aprobadas por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 30/10/2014, seguindo as homólogas do Estado que aprobara o Consello de Ministros o 22/07/2005, deixan tal denominación de exposición de motivos aos anteproxectos de lei, aconsellando que nas demais disposicións non se titule a parte expositiva. Non obstante, o artigo 129 LPAC ensina que os principios de boa regulación deben xustificarse "na exposición de motivos ou no preámbulo, segundo se trate, respectivamente, de anteproxectos de lei ou de proxectos de regulamento", co que parece que, en todo caso, o limiar debe chamarse preámbulo ou non levar título.

Unha cuestión que se deixa, por conseguinte, ao mellor criterio sistemático do departamento xestor.

PARTE DISPOSITIVA.

No que concirne ao articulado, procédese ao estudo baixo o método anticipado, é dicir, por cada precepto do proxecto de modificación:

-Artigos 1 a 4: Mantense sen variación a redacción en vigor.

-Artigo 5: O primeiro parágrafo do precepto alterado, referido a elementos e adornos, modifícase para aludir correctamente ao recurso económico da facenda local que na actualidade grava a instalación dos veladores sobre o solo de titularidade demanial deste Concello, é dicir a taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial por ocupación de terreos de uso público local con eses elementos con finalidade lucrativa; pola súa banda, na alínea segunda, co fin de incidir na prohibición, engádese a proscrición de pechar os laterais e frontal do espazo cuberto, xeralmente por toldos, en tanto que o terceiro apartado recolle a

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:D8EQCFADJ44X4V56

expresión de Centro histórico para referirse a tal ámbito e resaltar a súa ordenación polo instrumento de planeamento de protección -o PEPRICA-, respecto do que perfectamente significa a interdición dos toldos, agás nas áreas de bordo con desenvolvementos urbanos posteriores e supostos excepcionais que autorice a Comisión de Seguimento dese plan.

-Artigo 6: Non se ve alterado este precepto.

-Artigo 7: Debidamente asigna á Xunta de Goberno Local a competencia que ostenta na actualidade para o outorgamento das licenzas, de conformidade co disposto no artigo 127.1.e) LBRL, sen prexuízo das delegacións en Concelleiros que prevé o apartado 2 dese precepto legal, o cal faculta ao órgano colexiado para asignarlles esa atribución, entre outras Autoridades.

-Artigo 8: Con base na actual lexislación aplicable, o precepto recoñece debidamente o réxime regrado de resolución de licenzas, deixándose sentado no apartado 4 o seu carácter revogable en base a motivos de interese xeral, natureza que a disposición reiterará noutras unidades; así mesmo, o artigo engade que ao acto administrativo se lle xuntará, como anexo, un plano selado da ocupación.

-Artigo 9: A modificación adapta este precepto ás vixentes determinacións da normativa urbanística e do procedemento administrativo común; en efecto, o silencio desprega efecto desestimatorio naqueles procedementos cuxa estimación tería como consecuencia a transferencia á persoa solicitante ou a terceiros de facultades relativas ao dominio público ou que incluso impliquen o exercicio de actividades que poidan danar ao medio ambiente.

-Artigo 10: Consérvase o precepto na súa redacción orixinal.

-Artigo 11: A regulación que contén o precepto entendémola como atribución propia do contido dunha Ordenanza fiscal que debe nela figurar; neste senso, cabe manifestar que a tramitación das licenzas de veladores non está suxeita a taxa; antes ben, a Ordenanza específica sobre eses elementos neste Concello, isto é, a reguladora da taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local constituídos pola ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras con finalidade lucrativa, non prevé o depósito previo estipulando, por medio do seu artigo 8, que a taxa se devenga o primeiro día do período impositivo, bardante naqueles casos de alta ao longo do período impositivo, en cuxo caso se devindica no momento da ocupación.

Nunha interpretación coherente da legalidade da instalación dos veladores parece que o correcto sería resolver o procedemento de licenza, de maneira que, unha vez se conceda ese acto administrativo, será o momento en que a persoa autorizada presente a autoliquidación pola alta da ocupación permitida. Nesta liña, cóidase que se limitarían posibles infraccións na ocupación da vía pública.

-Artigo 12: O precepto modifícase como consecuencia da non aplicación en Galicia do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas do Estado -cuxo anexo xa non o estaba desde o Decreto 292/2004, do 18 de novembro-, e a próxima entrada en vigor que se expuxo da Lei 10/2017 de Galicia.

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:D8EQCFADJ44X4V56

-Artigo 13: Desenvolve as prescricións que en tal cometido estipula o antedito texto legal autonómico; nese senso e como novidade, esa Lei obriga ás persoas titulares de establecementos abertos ao público ou organizadoras de espectáculos públicos e actividades recreativas a dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil. Esta Lei modifica, ao tempo, á Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, sometendo a licenza a instalación de terrazas ao aire libre ou na vía pública anexas a establecementos abertos ao público, para o que require que na solicitude se formule a declaración da titular do seu compromiso de contratación do amentado seguro para o establecemento en que estea incluída a terraza, ou a documentación acreditativa da súa dispoñibilidade

No que concirne á instalación de estufas ou elementos de calefacción ou climatización, esta cuestión sométese ao especializado e expreso criterio medioambiental e técnico dos facultativos das Oficinas municipais, así como á oportunidade e reflexión das Autoridades deste Concello. Se este asunto figura noutras partes da disposición, apúntase neste punto o xuízo deste informante de que se efectúe unha precisión pola que se contrapoña o seu carácter móbil fronte ao das instalacións fixas de climatización que parecen correctamente non admitirse nos espazos exteriores que tratamos; desa diferente natureza dependerá o seu réxime de utilización e, por ende, de autorización.

-Artigo 14: Consérvase o precepto orixinal.

-Artigo 15: Con carácter de lexislación básica, o artigo 92.4 da Lei 33/2003, de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, dispón que este tipo de autorizacións sobre o demanio poderán ser revogadas unilateralmente pola Administración concedente en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral; apúntase tamén o artigo 16 do veterano Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto do 17 de xuño de 1955.

A concorrencia desas circunstancias debe comportar a devolución das taxas polo período que reste sen a posibilidade do uso que, no seu momento, se autorizara, un suposto ao que, en xustiza, debe adaptarse incluso a Ordenanza fiscal. Neste punto convén reproducir o artigo 26.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLFL), que dispón que cando por causas non imputables ao suxeito pasivo, o servizo público, a actividade administrativa ou o dereito á utilización ou aproveitamento do dominio público non se preste ou desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente.

-Artigo 16: Por simplificación administrativa suprímese o artigo 16 da versión orixinal da Ordenanza e, polo tanto, a tarxeta identificativa ao exterior da autorización dos veladores, unha cuestión que se deixa ao superior criterio dos Órganos intervenientes, se ben e por exemplo o artigo 14.1 do Decreto 146/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos de Galicia, prescribe que no

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:D8EQCFADJ44X4V56

caso de apertura de establecementos, unha copia selada da comunicación previa deberá expoñerse nun lugar visible e de fácil acceso.

Como consecuencia da supresión deste artigo do texto en vigor, os preceptos da modificación que a continuación comentaremos, encontran a súa correlación co de ordinal sucesivo da Ordenanza, tal e como se aprobara en 1997.

Pois ben, o novo artigo 16 modifica ao antigo 17, engadindo a prohibición de publicidade en xeral e adecúa o mobiliario aos tempos actuais; permite a colocación no mobiliario do nome ou logotipo de local, cun carácter discreto que se supón sería obxecto de pronunciamento expreso; a referencia ao Centro Histórico adecúase ao PEPRICA aprobado para a zona monumental, adecuando o mobiliario aos tempos actuais.

Artigo 17: En realidade engádese ao antigo artigo 18 un apartado 3; da súa dicción decátase que ten por base a experiencia acumulada nestes últimos anos sobre o aumento de establecementos de actividades recreativas con servizo de mesas e cadeiras no exterior, que esixiu a reorganización de espazos públicos provocando a impugnación das resolucións de readscrición dos emprazamentos asignados. En consecuencia, pretende impregnar dun carácter regrado e constatado aos actos que decidan sobre situacións de conflito, xa que como vimos ostentan unha natureza que faculta a súa revogación con fundamento nas circunstancias apuntadas a propósito do comentario ao artigo 15; é irrebatible que as licenzas en xogo se outorgan en precario, suxeitándose ás limitacións, reducións ou revogacións pola concorrencia de motivos, causas ou actividades de interese xeral.

-Artigo 18: A modificación altera a regulación do antigo artigo 19 na plausible procura unha maior accesibilidade; así, amplía a 1,50 metros a distancia dos elementos que constitúen o obxecto da regulación doutros servizos autorizados de mobiliario ou equipamento modular.

-Artigo 19: Conserva a redacción do artigo 20 da versión inicial.

-Artigo 20: A diferencia do antigo precepto correlativo, o analizado amplía tamén debidamente os espazos libres nas beirarrúas a 1,80 ou 1,50 metros, segundo determine a normativa de accesibilidade; agrégase ademais un apartado 2 ao precepto, no senso de que a colocación dos veladores deberá deixar un itinerario peonil accesible coa liña de fachada ou converter a terraza en detectable para as persoas con dificultade visual, esixíndose no seu deseño o cumprimento desa normativa de acceso universal fronte á discapacidade.

-Artigo 21: O precepto adecúa os deberes que figuraban no anterior 22 á normativa de espectáculos públicos e actividades recreativas, ademais de introducir outros novos. Indo por partes, acorde coas novas formas de intervención administrativa, o precepto alude a títulos habilitantes e licenzas de apertura do establecemento e de veladores, ademais de requirir das obrigas en materia de seguros; nese senso, o novo artigo 42 ter. da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, engadido pola Lei 10/2017, estipula que con anterioridade á instalación de terrazas ao aire libre ou na vía pública anexas a establecementos abertos ao público, a titular do establecemento

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:D8EQCFADJ44X4V56

deberá presentar unha solicitude de licenza, matizando que no caso de que a terraza se sitúe en dominio público municipal, a licenza solicitarase conxuntamente coa autorización para a ocupación do dominio público; require asemade a descrición das características da terraza e a declaración da titular do compromiso de contratación do seguro previsto nesa normativa de espectáculos e actividades para o establecemento da terraza, ou a documentación acreditativa da súa dispoñibilidade.

No precepto regulamentario en estudo, ás obrigas súmase a de velar polo mantemento das condicións de accesibilidade e de protección contra incendios e de colocar os veladores no horario establecido, ás que tamén se engade a de dispor dun certificado anual da revisión da instalación de estufas, uns aparatos aludidos nas notas ao artigo 13 e que, segundo dixemos, semellan merecentes de acaído informe facultativo, incluso sobre requisitos e homologación técnica e de seguridade, tanto das posibles estufas catalíticas de gas como eléctricas polas potenciais circunstancias que xeran nun uso común especial da vía pública, como o que se autoriza con suxeición ao artigo 75.1º.b) do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño.

-Artigo 23: Este precepto confire un novo réxime regulador ao horario que figuraba no artigo 22 da Ordenanza; en particular, suprime a distinción que se daba entre distintos espectáculos, en particular con funcionamento de equipo de reprodución musical ou non. Segundo os motivos que se desprenden do expediente, o tema dos horarios é un dos consensuados entre os sectores implicados que comportarían en parte a razón da modificación, vindo a ampliarse eses horarios de funcionamento desde as 9,00 ata as 01:30 horas do día seguinte, sen que poidan vulnerar a gobernativamente establecida para eses locais pola Comunidade Autónoma.

Opinamos tamén que debe corrixirse o que entendemos como un erro existente no apartado 3 do precepto, en canto establece que durante as operacións de montado e reiterada de terrazas non se poderá oír fóra a música do interior do local, o que semella debe estenderse a que tampouco se escoite durante o seu funcionamento; cremos que non se permite a transmisión desas emisións acústicas ao exterior, suxeitas á normativa reguladora da protección contra a contaminación por ruído.

-Artigo 23: Modifica ao 24 da versión orixinal para ampliar en media hora o tempo de entrada e de funcionamento dos veladores por eventos e circunstancias debidamente motivadas.

-Artigo 24: Este precepto, a diferencia do de número 25 que substitúe, permite apiñar os veladores no espazo público durante o tempo que media entre o horario de apertura do local e o de inicio da actividade dos elementos auxiliares obxecto de informe; elimínase a referencia ás prazas públicas polo que apuntamos este aspecto por si quere facerse algunha precisión ao respecto, toda vez que o apartado 2 deste novo precepto mantén o deber de que os situados en rúas se garden no interior ou locais anexos, sen que se vexan desde a vía pública.

-Artigo 25: Adapta ao precepto de número consecutivo da Ordenanza á vixente normativa reguladora do consumo de bebidas alcohólicas en menores de

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:D8EQCFADJ44X4V56

idade, que veda a consumición e a venda e subministro de bebidas alcohólicas a ese grupo de idade.

-Artigos 26 e 27: Consérvase a dicción dos artigos 27 e 28, unicamente alterados para formular a remisión correcta a outros preceptos resultantes da modificación.

-Artigo 28: O precepto, ao igual que os seguintes, se integra dentro do capítulo de infraccións e sancións, recollendo así mesmo principios da potestade sancionadora administrativa; seguindo o disposto no artigo 27.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas (LRXSP) e 140.1 LBRL, o precepto en comentario, a diferencia do que debidamente substitúe, procede a clasificar e tipificar as infraccións administrativas en leves, graves e moi graves, cunhas completas especificacións; para o debate, é opinión persoal deste informante que o incumprimento de inicio ou peche en menos dunha hora da estipulada, pode ser obxecto de matización, xa que uns minutos si pode supoñer unha infracción leve pero a delonga próxima a aquel intervalo si podería ser obxecto dunha infracción máis severa, dadas as horas do día ás que afecta. Porén, cabe dicir que, como elemento modulador, o artigo 29.2 LPAC esixe que o establecemento de sancións pecuniarias preverá que a comisión das infraccións tipificadas non resulte máis beneficioso para o infractor que o cumprimento das normas infrinxidas .

-Artigo 29: Atende ao réxime de prescrición e sancións con adecuación aos artigos 29 e 30 LRXSP e 141 LBRL. Dentro da normativa citada no apartado 1 pode tamén incluírse a tributaria.

Pola súa novidade, lémbrase o disposto no artigo 85 LPAC en canto á terminación dos procedementos sancionadores.

-Artigo 30: A modificación asigna a incoación e resolución dos procedementos sancionadores aos órganos que posúan a competencia, determinando o artigo 25.2 LRXSP que o exercicio da potestade sancionadora corresponde aos órganos administrativos que a teñan expresamente atribuída, por disposición de rango legal ou regulamentario.

-Artigo 31: Axústase ao ditado do artigo 63.1 LPAC en canto os procedementos de natureza sancionadora establecerán a debida separación entre a fase instrutora e a sancionadora, que se encomendará a órganos distintos.

-Artigo 32: Presérvase a redacción orixinal, estando agora consagrada legalmente esa presunción en forma próxima polo artigo 77.5 LPAC.

-Artigo 33: Axusta á legalidade vixente o número 34, para o que reenvía ás determinacións da Ordenanza fiscal de aplicación.

-Artigo 34: Modifica o anterior artigo 35 para cinguirse ás novidades administrativas acaecidas, recollendo a licenza, o xustificante do pagamento das taxas, o título habilitante do establecemento e a documentación acreditativa da dispoñibilidade e vixencia do seguro.

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:D8EQCFADJ44X4V56

-Artigo 35: Mantense o precepto en vigor, actualmente de número 36.

PARTE FINAL

-Disposición Transitoria: Contempla a adaptación á Ordenanza das instalacións autorizadas, para o que tamén ten en conta o prescrito pola Disposición transitoria cuarta da Lei 10/2017 de Galicia, que prescribe que no prazo de seis meses desde a súa entrada en vigor, as persoas titulares de establecementos con licenza municipal ou que efectuasen a comunicación previa correspondente deberán cumprir o disposto sobre o réxime de seguros.

-Disposición derrogatoria: Pasa a ser suprimida correctamente, dada a súa obsolescencia e inutilidade.

-Disposición Final: Dedícase á entrada en vigor da modificación; consonte co artigo 70.2 LBRL, por remisión ao 65.2 desa Lei, precisarase da publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, a remisión do acordo ás Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma, e que transcorran quince días hábiles desde a súa recepción. Entón, de efectuarse estas comunicacións e pasado o prazo sen incidencias, o anuncio mesmo podería fixar a data de entrada en vigor.

ANEXO I: Como queira que este apéndice é único, suxírese a supresión do número romano. O anexo elimina o modelo de pegatina-guía que figuraba e introduce cinco apartados que, a modo de instrución e recomendacións para os particulares, ofrecen en adaptación ao ambiente as determinacións sobre o mobiliario e as súas características, estruturas auxiliares, materiais, cubricións de lona, elementos decorativos e sistemas de climatización e calefacción.

Polo seu interese e valor cultural, quizais non estaría de máis reiterar de novo a ordenación no Centro Histórico polo PEPRICA.

En definitiva, extráese así, tan inequívoca conclusión como a necesidade da actuación emprendida de arrombar a Ordenanza municipal ao panorama que supuxeron as innovacións legais, sociais e de reordenación urbana dos espazos libres, o que supón a depuración do texto orixinal de cuestións inaxustadas e obsoletas e, en esencia, efectuar as cumpridas modificacións expostas.

II.III. CARÁCTER E PROCEDEMENTO DA ALTERACIÓN DA ORDENANZA.

Xa dixemos que é patente que o proxecto en curso, como non pode ser menos, ao igual que o texto da Ordenanza orixinal, dítase no exercicio da potestade regulamentaria que corresponde ao Concello de Pontevedra, polo que tal rango e natureza no ordenamento xurídico é o axeitado. Deixamos citado o coñecido principio doutrinal do “contrarius actus” que esixe neste caso, desde os aspectos procedimental e competencial, que a modificación dunha norma se realice polo mesmo órgano que a ditara.

Ordenanzas e Regulamentos configúranse, no eido municipal, como as normas propias para a regulación de materias de competencia dos Concellos e de obrigatoria observancia, posuíndo a calidade de disposicións normativas de carácter xeral de natureza regulamentaria, un dos medios de normación limitada das

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:D8EQCFADJ44X4V56

Corporación Locais, recoñecido polo artigo 55 do Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes na Materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril (TRRL).

O artigos 47.2 e 128.2 LPAC, seguindo o imperativo constitucional que supón o principio de xerarquía normativa, establecen, en comprimido resumo e só pena de nulidade, que os regulamentos e disposicións administrativas non poderán vulnerar a Constitución ou as leis nin regular aquelas materias que a Constitución ou os estatutos de autonomía recoñecen da competencia das Cortes Xerais ou das asembleas lexislativas das comunidades autónomas e que tales disposicións administrativas se axustarán á orde de xerarquía que establezan as leis, sen que ningunha disposición administrativa poida vulnerar os preceptos doutra de rango superior. Velaquí que, ao fío do primeiros deses preceptos, o exercicio da potestade regulamentaria encontra como límite infranqueable o respecto aos principios de constitucionalidade, legalidade e xerarquía normativa, de maneira que as disposicións administrativas tampouco poderán regular aquelas materias reservadas á lei, nin establecer a retroactividade de disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas dos dereitos individuais, baixo advertencia de incorrer no citado vicio de nulidade de pleno dereito. Neste senso, tráese a colación o amentado artigo 55 TRRL e o 287 LALG cando dispoñen tamén que na esfera da súa competencia, as Entidades Locais poderán aprobar Ordenanzas e Regulamentos que, en ningún caso, conterán preceptos opostos ás Leis e a outras disposicións xerais de superior rango xerárquico.

O artigo 56 TRRL remite na aprobación das Ordenanzas ao procedemento establecido no artigo 49 LBRL, que sucintamente dispón que a aprobación das ordenanzas e os regulamentos locais se axustará ao de aprobación inicial polo Pleno, información pública e audiencia ás persoas interesadas polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións e resolución de todas as que foran presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno da Corporación, se ben para o caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

De aí que na fase intermedia de desenvolvemento do procedemento de modificación da ordenanza de veladores deba darse traslado ás corporacións, organizacións e asociacións interesadas e recoñecidas pola lei, cuxos fins teñan relación directa co obxecto da disposición, podéndose así mesmo instar consulta ás Administracións Públicas competentes, no seu caso.

Pois ben, o contido congruente da parte expositiva do texto de modificación obxecto de comentario pronúncianse pola necesidade da súa adecuación. Recoñece a Sentenza da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo de 26/04/2004 [rec. casación nº 1144/2001 (RJ 2004\3962)], se ben referida ao eido da Administración Autonómica, o carácter de procedemento administrativo especial do de elaboración de disposicións de carácter xeral, mais serve igual para a potestade regulamentaria municipal. Velaquí que, neste extremo, a elaboración das disposicións administrativas -o mesmo que as súas alteracións- se axustará ao correspondente procedemento que trata de asegurar, de forma xustificada e participativa, a obxectividade, a transparencia, o servizo ao interese xeral e a legalidade, materializando o dereito dos cidadáns a unha boa administración, polo

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:D8EQCFADJ44X4V56

que ten que respectarse adecuadamente o procedemento para lograr un lexítimo exercicio da potestade regulamentaria que satisfaga obxectivamente os intereses xerais, coa participación dos cidadáns e con pleno sometemento á Lei e ao Dereito.

Temos salientado a omisión da normativa de réxime local sobre a fase previa á aprobación dunha ordenanza como disposición de carácter xeral, o que vale tamén para as súas modificacións, indicando que resulta desexable ter requiridos os estudos e informes que garantan a legalidade, acerto e oportunidade, actuacións que se refiren a esa etapa de antecedentes que non figura na lexislación propiamente local. A Sentenza da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo do 13/11/00 (RJ 2001\65) require "la necesidad de una motivación de la regulación que se adopta, en la medida necesaria para evidenciar que el contenido discrecional que incorpora la norma no supone un ejercicio arbitrario de la potestad reglamentaria". Nese senso, temos dito tamén, a título de exemplo e comparación, que que a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, dedica o seu Título II ao exercicio da potestade regulamentaria por parte da Administración e do Goberno de Galicia, prevendo un procedemento de elaboración das disposicións administrativas de carácter xeral en tres fases, a saber; a inicial ou interna na consellería que tivese a iniciativa normativa, a intermedia de relación e información cos restantes órganos da Xunta e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e, no seu caso, a cidadanía, e a fase final, que consiste na aprobación definitiva da norma polo órgano competente, de forma que, durante todo o procedemento, se conservarán e incorporarán ao expediente todos os ditames, informes e consultas realizados, as observacións e emendas que se formulen e cantos datos e documentos teñan interese para coñecer o proceso de elaboración da norma ou poidan facilitar a súa interpretación.

Sendo así as cousas, sucede que a entrada en vigor en outubro de 2016 da Lei do procedemento administrativo, con carácter común, para as Administracións Públicas, entrañou un novidoso réxime sen precedentes nas anteriores normas que regulaban a cuestión, asunto ao que, dada a súa importancia, se dedica o seguinte apartado.

Por último, apuntar que no referente á materia de impacto de xénero, por aproximación da modificación da disposición municipal coas esixencias que supón a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e a Lei 7/2004, de 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes de Galicia, a consideración V da proposta, no seu penúltimo parágrafo, fai constar que non incide negativamente nesta perspectiva contra a discriminación.

II.IV. OBSERVACIÓNS Á VISTA DO RÉXIME DE ELABORACIÓN DE DISPOSICIÓNS REGULAMENTARIAS NA LPAC.

Ao fío inmediato do anticipado na precedente consideración, a LPAC contén un título VI dedicado á potestade para ditar regulamentos e outras disposicións; segundo o apartado 2 da súa Disposición Final primeira, apróbase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13ª e 14ª da Constitución que atribúe ao Estado a competencia en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e a Facenda xeral. Ese Título VI abrangue os artigos 127 a 133 e, se o artigo 128.1 atribúe aos órganos de goberno locais, de acordo co previsto na LBRL, o

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:D8EQCFADJ44X4V56

exercicio da potestade regulamentaria, os restantes preceptos conteñen innovacións que, no que atinxe ao noso asunto en particular, merecen os comentarios que se realizan acto seguido. Nesa índole, o artigo 129.1 estipula que no exercicio da iniciativa lexislativa e na potestade regulamentaria, as administracións públicas actuarán de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguranza xurídica, transparencia e eficiencia, engadindo que no preámbulo, ao tratarse, segundo explicamos, de proxectos de regulamento, quedará suficientemente xustificada a súa adecuación aos principios mencionados; nesta índole, o informe-proposta fai constar, a través do seu considerando VIII, que a modificación proposta dá cobertura a eses principios, con atención na tramitación ao de transparencia, ademais de incidir no alcance do procedemento, "modificativo e de regulación de aspectos moi parciais da materia", ao non tratarse dunha proposta normativa orixinaria e completa para así eximir do trámite do artigo 133.1 LPAC, coincidindo ademais a audiencia á cidadanía afectada e a opinión das organizacións e asociacións recoñecidas e representativas coa información pública subsecuente á aprobación inicial.

No caso en estudo, acredítase a aptitude da modificación da disposición xunto á súa conveniencia e razón xurídica, que, desde o seu limiar expositivo, explica o sentido da ordenación que agora se intenta; neste punto, cremos que a alteración á que se somete a disposición é respectuosa cos principios de sustentabilidade, boa regulación, e participación de interesados, que xa establecía a Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sostible, e é que aquela resulta expresiva da xustificación do encadre da modificación da disposición no ordenamento xurídico vixente; non debe confundirse a parte expositiva coa memoria xustificativa que debe formar parte do expediente no suposto de elaboración dunha norma e recoller unha análise máis ampla da regulación normativa proxectada; como queira que nos achamos ante unha puntual modificación, o seu texto, dende esa parte explicativa, ofrece unha regulación técnica, intelixible, razoable e pautada baixo as prescricións da normativa superior, tanto de réxime local e procedemento administrativo, como da de patrimonio público, de réxime do solo e de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas.

En semellante liña continxente sobre a aplicabilidade dos principios de boa regulación, o artigo 129.7 LPAC estipula que cando a iniciativa normativa atinxa aos gastos ou ingresos públicos presentes ou futuros, deberán cuantificarse e valorarse as súas repercusións e efectos e subordinarse ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Un extremo sobre o que a proposta de resolución manifesta no amentado F.D. VIII a concorrencia de circunstancias patentes de ausencia de severa intervención sobre a economía e de non imposición de novas obrigas relevantes aos destinatarios, respecto do que xa con antelación, en concreto no fundamento VI, apuntaba que a aprobación da modificación non vai afectar ao custo efectivo dos servizos prestados nin aos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, consonte coas esixencias previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril e vixente lexislación de réxime local. Nesta consideración, non semella que se dea a necesidade da fiscalización pola Intervención Xeral Municipal, que requiren os artigos 213 e seguintes TRLFL e 58.4 a) do Regulamento Orgánico do Goberno e da Administración Municipal, ao non derivarse dereitos e obrigas de contido económico para a Facenda Municipal; do ata aquí reflexionado tampouco se percibe que, en

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:D8EQCFADJ44X4V56

puridade, comporte a modificación normativa incremento ningún de gasto público nin que a aprobación dela vaia afectar ao custo efectivo dos servizos que se prestan nin a eses obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. En certeza, o artigo 7.3 desa Lei Orgánica 2/2012 establece que as disposicións legais e regulamentarias, na súa fase de elaboración e aprobación, así como calquera outra actuación dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desa Lei que afecten aos gastos ou ingresos públicos presentes ou futuros, deberán valorar as súas repercusións e efectos, e supeditarse de forma estrita ao cumprimento das esixencias deses dous principios que dan nome á Lei orgánica, tendo ese precepto un cariz próximo ao artigo 32.3 da susodita Lei de Economía Sostible, referido a sustentabilidade orzamentaria.

Non obstante, si que procede que se faga unha detida análise dunha innovación que a LPAC recolle no seu artigo 133, referente á participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango de regulamentos, regulación esta que, a criterio do expoñente e dito coa prudencia debida, tal vez non se centrara na acendrada realidade do procedemento de formación legal na Administración local dos regulamentos e ordenanzas, xa que precisa, de forma inescusable, do trámite de información pública subseguinte á aprobación inicial da disposición e que obriga, ademais, a que na aprobación definitiva se resolvan as suxestións e as alegacións deducidas. O certo é que o apartado 1 dese artigo 133 prescribe que, con carácter previo á elaboración do proxecto ou anteproxecto de lei ou de regulamento, se efectuará unha consulta pública, a través do portal web da Administración competente, en que se pedirá a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca dos problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa, da necesidade e oportunidade da súa aprobación, dos obxectivos da norma e das posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias; así mesmo, o apartado 2 dispón que sen prexuízo da consulta previa á redacción do texto da iniciativa, cando a norma afecte aos dereitos e intereses lexítimos das persoas, o centro directivo competente publicará o texto nese portal web, co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facer outras persoas ou entidades. Así mesmo, poderá tamén pedirse directamente a opinión das organizacións ou asociacións recoñecidas por lei que agrupen ou representen as persoas cuxos dereitos ou intereses lexítimos se vexan afectados pola norma e cuxos fins gardaren relación directa co seu obxecto; aclara este artigo 133, no seu punto 3, que a consulta, audiencia e información públicas reguladas neste artigo deberanse realizar de forma tal que os potenciais destinatarios da norma e os que realicen achegas sobre ela teñan a posibilidade de emitir a súa opinión, para o cal se deberán pór á súa disposición os documentos necesarios, que serán claros e concisos e reunirán toda a información precisa para podérense pronunciar sobre a materia.

Do exposto resulta que o exercicio da potestade regulamentaria local na elaboración dunha disposición de carácter xeral requirirá de dúas fases de audiencia, unha primeira de anteproxecto, ao igual que calquera das restantes Administracións, e outra, a tradicional, inmediata á aprobación inicial que contempla a lexislación de réxime local. Por outra banda, o apartado 4 deste precepto ampara que se prescinda dos trámites de consulta, audiencia e información pública que prevé o artigo no caso de normas orzamentarias ou organizativas das Administracións territoriais ou das organizacións dependentes ou vinculadas a estas, ou cando concorran razóns

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:D8EQCFADJ44X4V56

graves de interese público que o xustifiquen; así mesmo, se a proposta normativa non ten un impacto significativo na actividade económica, non impón obrigas relevantes aos destinatarios ou regula aspectos parciais dunha materia, poderase omitir a consulta pública regulada no número primeiro e se a normativa reguladora do exercicio da iniciativa lexislativa ou da potestade regulamentaria por unha Administración prevé a tramitación urxente destes procedementos, a eventual excepción do trámite por esta circunstancia axustarase ao previsto naquela.

Da dicción literal da LPAC parece que o precepto de comentario require a previa consulta pública, en exclusiva, dentro do procedemento de elaboración de regulamentos e ordenanzas, e non nun proceso de adaptación ou de modificación das disposicións xa existentes ás circunstancias legais acaecidas, o que ten a súa lóxica porque non se parte dunha norma que veña a innovar no ordenamento; un matiz ese ao que, asemade, se engade que a consulta pública, a audiencia a persoas afectadas e a obtención de adicionais contribucións doutras persoas ou entidades ten sentido na fase de proxecto de xénese da disposición, non cando xa exista e simplemente se trata de compaxinar á tesitura xurídica, trámite que, en si mesmo, tampouco require de publicación nun xornal oficial -senón no portal web-, carece de prazo definido e non demanda de contestación ningunha o que, por ende, supón que non dea lugar a un acto administrativo; un terceiro aspecto para a reflexión devén da lectura do segundo parágrafo do artigo 133.4 LPAC que admite que cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica e non impoña obrigas relevantes aos destinatarios poderá omitirse a consulta previa regulada no apartado 1; nese senso, é patente que o procedemento carece desa severa intervención sobre a economía, incluso porque como se insistiu ata a saciedade se trata dunha modificación, aparencia que tamén pode dar pé a esa dispensa desde a óptica de que, en canto variación, non aumenta por si mesma carga ningunha sobre as persoas empresarias e usuarias dos veladores. Na mesma liña interpretativa, o precepto autoriza tamén a evitar esa consulta no suposto de que a proposta normativa regule aspectos parciais dunha materia, un concepto no que, en verdade o texto legal podería ter sido máis explícito nese extremo, pois aparenta tamén que entrousa nas regulacións “parciais dunha materia” un suposto de modificación parcial dunha disposición regulamentaria, xa que sería a Ordenanza mesma a que tivera ordenado -e de ser así o caso- a totalidade ou non dunha disciplina ou tema.

Reveladas estas razóns, compártese a formulación da parte expositiva que dota dunha mellor comprensión e motivación á variación da disposición e ao procedemento que o encana, dentro do que se reitera, terá lugar a fase de información pública e audiencia que, de modo indefectible, esixe a lexislación de réxime e administración local.

A competencia de aprobación, como tamén ensina a proposta de resolución, está atribuída ao Pleno da Corporación, conforme establecen os artigos 123.1.d) LBRL, 64.2.d) LALG e 41.2.d).B) do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Pontevedra (BOP nº 248 de 28/12/05), previo ditame da Comisión plenaria correspondente, segundo o artigo 130 e seguintes desa disposición xeral. Coa modificación operada na LBRL pola Lei 57/2003 de Modernización do Goberno Local, no seu artigo 127.1.a) e, no seu desenvolvemento, o artigo 2.1.A) a) do Regulamento Orgánico do Goberno e Administración, atribúese tamén á Xunta de

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:D8EQCFADJ44X4V56

Goberno Local a aprobación dos proxectos de ordenanzas e regulamentos. Nos restantes trámites para a entrada en vigor, asentimos co informe do Director Xeral da Área de Urbanismo e Servizos Xerais, a cuxo texto acudimos.

CONCLUSIÓN.

O texto da primeira modificación da Ordenanza de veladores de Pontevedra encontra a súa cobertura na normativa de aplicación que desenvolve, formulándose as precedentes observacións para a mellor reflexión e ponderación da regulación en curso, en particular, no que concirne á distinción co contido que é propio da Ordenanza fiscal; a tramitación do expediente debe someterse á evolución que se describe na proposta de resolución, formulada pola Dirección Xeral da Área de Urbanismo e Servizos Xerais.

Pontevedra, 26 de xaneiro de 2018.
O DIRECTOR DA ASESORÍA XURÍDICA,



Asdo.: José Antonio García Mon.

DIRECCIÓN XERAL DA ÁREA DE URBANISMO E SERVIZOS XERAIS.

Asinado por: JOSÉ ANTONIO GARCÍA MON
Servizo: ASESORÍA XURÍDICA
Cargo: DIRECTOR
Data: 26/01/2018
Este documento foi asinado electrónicamente conforme á lexislación de sinatura electrónica

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:D8EQCFADJ44X4V56